



## **MEMORIA DE CALIDADE**

**Facultade de Filosofía**

**Curso Académico: 2016/2017**

## Índice

<b>1. Introducción .....</b>	<b>3</b>
<b>2. Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade .....</b>	<b>5</b>
<b>3. Plan de Melloras do Centro .....</b>	<b>9</b>
<b>3.1 Curso 2016/17: Comprobación das accións de mellora incluídas na Memoria de Calidade do curso 2016/17:.....</b>	<b>9</b>
<b>3.2Curso 2017/18: Proposta de accións de mellora incluídas na Memoria de Calidade do curso 2017/18 (neste apartado figuran as accións de mellora que permanecen abertas do curso 2016/17 e as novas propostas para o curso 2017/18) .....</b>	<b>31</b>
<b>4. Anexo: Informes de seguimento .....</b>	<b>48</b>

## 1. Introducción

Esta Memoria de Calidade do curso 2016-2017 ten sido elaborada conforme ao compromiso da Facultade de Filosofía co desenvolvemento do SGIC do centro.

No curso 2016-2017 os títulos adscritos a esta facultade e que constitúen o ámbito de aplicación do SGIC foron o Grao en Filosofía e o Máster en Filosofía. Coñecemento e cidadanía.

O máis salientable para o Grao de Filosofía foi o proceso de Avaliación para a Renovación da Acreditación do período 2009-2016 que tivo lugar neste curso 2016-17, así como a execución do segundo ano do Plan de Viabilidade que estaba en aplicación desde o curso 2015-16 e que quedou en suspenso para o 2017-18 ao terse acadado o incremento de matrícula que perseguía que se situou en 55 alumnos no curso 2016-2017. En ambos casos os resultados acadados polo centro foron positivos. As accións de mellora que se contemplan nesta memoria están baseadas, tanto nas recomendacións incluídas no Informe de Avaliación da Acreditación, como nalgunhas das deseñadas no marco do Plan de Viabilidade, ás que se dan continuidade por ter comprobado os seus efectos positivos, non só sobre a titulación, se non con carácter xeral sobre a Facultade.

Polo que respecta ao Máster en Filosofía. Coñecemento e cidadanía (DOGA do 13 de xullo de 2016), que foi resultado da revisión en profundidade do Máster en Filosofía anterior, impartíuse por primeira vez no curso 2016-17 ao que se refire esta memoria. Dado este curto período de funcionamento, non contamos, polo momento, con informes de seguimento deste máster. Inda así, a presente Memoria de Calidade contempla tamén unha serie de accións de mellora que son resultado dos procedementos de coordinación e autoavaliación deseñados pola Comisión de Calidade e están enmarcados no Sistema de Garantía Interna de Calidade do centro.

O Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC) é unha ferramenta para propiciar a mellora continua das titulacións adscritas á Facultade de Filosofía de cara á consecución de niveis de calidade que permitan a renovación periódica da súa acreditación de acordo co establecido no RD 1393/2007 e no RD861/2010.

O SGIC resulta da adaptación a este centro do SGIC marco da Universidade de Santiago de Compostela (USC) deseñado á súa vez seguindo o modelo das axencias de calidade nacional e autonómica, ANECA e ACSUG.

Este sistema de garantía de calidade sométese a un seguimento anual que, xunto co seguimento dos títulos e os plans de mellora derivados, contribúe ao mantemento e actualización das accións encamiñadas ao desenvolvemento da política de calidade do centro. A documentación do SGIC da Facultade de Filosofía e as evidencias da súa implantación están dispoñibles para consulta pública na web institucional da facultade na sección de calidade <http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/sgic.html>.

O 22 febreiro de 2018 a Comisión de Calidade e Planificación delegada de Consello de Goberno aprobou unha modificación do SGC moi importante que reduce sensiblemente a documentación do sistema. Nesta reunión acordouse un prazo de 1 ano para que a Área de Calidade contactase

con todos os centros e dirixise a adaptación a esta novo sistema polo que este cambio terá lugar nos próximos meses.

## 2. Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade

Estruturaremos este apartado facendo un percorrido polo **mapa de procesos** que contempla o SGIC destacando aqueles aspectos que foron significativos para o curso 2016-2017 polos cambios e melloras que se introduciron.

No que se refire a **PLANIFICACIÓN DAS ENSINANZAS** e no proceso **S03-PC-03 Programación das Materias** integrado neste apartado, temos que constatar o gran esforzo realizado durante o curso 2016-2017 para **mellorar e homoxeneizar tanto os programas como as guías docentes das materias do Grao**, que foron aprobados na Xunta de Facultade (6-7-2017). O labor levouse a cabo no marco da unificación dos dous departamentos anteriormente existentes, como iniciativa da dirección do novo Departamento de Filosofía e Antropoloxía e da Comisión de Calidade do centro. Non se tratou dunha mera unificación formal se non tamén da introdución dun estándar de mellora na programación das materias e, fundamentalmente, de aspectos como formulación de competencias e especificación de criterios de avaliación que non constaban en todas as guías de cursos previos. A pesar de que a elaboración de guías docentes non está establecida como unha obriga por parte da USC no centro existe guía docente para todas as materias tanto do Grao como do Máster, que están a disposición do alumnado a través da páxina web da facultade. Introducíronse tamén cambios na programación das horas de docencia que pasaron a ser contabilizadas excluindo os días que coinciden cos festivos anuais. Isto levou a ter que modificar a súa vez os criterios de **Elaboración dos horarios (S04- PC-03)** optándose por módulos dunha hora de duración en lugar de hora en media como viña sendo habitual.

En canto aos procesos máis directamente vinculados á **DOCENCIA** destacamos os seguintes. **PC-04 Captación de estudantes:** durante o curso 2016-17 a facultade dedicou un grande esforzo a este proceso dirixido tanto ao Grao como ao Máster. No que se refire ao Grao, este tivo que ver coas accións de mellora deseñadas no Plan de Viabilidade. No caso do Máster, por tratarse da súa primeira edición, concedeuse unha gran importancia ás tarefas de difusión de cara a situar na oferta de titulacións da USC esta nova titulación. Con este obxectivo deseñouse unha páxina web propia, así como outros medios como cartelería e dípticos que foron distribuídos, non só nos campus da USC, se non tamén enviados a institutos de ensino secundario e mesmo centros e institucións de fora de Galicia.

Outra acción de mellora que debemos consignar neste apartado procedente do Plan de Viabilidade que foi incorporada ao plan de melloras do Grao 2016-17 como **AM-1, é a consistente na elaboración de material informativo para grupos de interese acerca da filosofía e dos seus ámbitos de estudio**, así como sobre as saídas profesionais dos egresados. No curso 2016-17, coa axuda económica procedente do Plan de Viabilidade, contratáronse os servizos dunha empresa consultora xestionada por egresados da facultade, para localizar e documentar a presenza de contidos e presentacións sobre a filosofía en diversas institucións culturais e académicas do mundo. Unha vez que xa nos foi entregado este material queda por desenvolver durante o presente curso a tarefa de elaborar e adaptar ese material a un formato axeitado para o noso centro e ámbito cultural e académico. Este formato deberá ser aprobado pola Xunta de Facultade e incorporado posteriormente á páxina web do centro. Queremos deixar constancia de que no desenvolvemento desta acción situámonos na primeira liña de execución do Plan de Melloras da USC para o curso 2017-2018 que contempla como AM-07 “mellorar e dar maior

visibilidade á información pública dos títulos nas páxinas web, en especial, a aquela que resulte de interese para a toma de decisión do alumnado”.

A **AM-8** que se desenvolveu tamén durante o curso 2016-17 perseguíu igualmente o obxectivo de proxección da Filosofía e as súas temática e contidos sobre a sociedade. Consistiu na celebración dunha serie de **conferencias que, cunha periodicidade mensual**, foron impartidas tanto por especialistas como por persoas relevantes de outros centros e especialidades.

Continuou reforzándose o **Proceso PC-05** centrado na **Titoría e Orientación ao estudiantado**, en particular, para facilitar a adaptación de alumnado de primeiro curso e reducir a taxa de abandono de primeiro curso. Tanto o alumnado que exerce a tarefa de titorización propia do Programa A Ponte, como o profesor coordinador de primeiro curso, prestaron especial apoio ao alumando que se incorpora progresivamente a través dos sucesivos prazos de matrícula, de cara a que poda poñerse ao día no desenvolvemento do programa e na realización de tarefas de avaliación continua. Tamén se reeditou o Programa de Titorías personalizadas ao que pode optar voluntariamente o alumnado para recibir orientación durante o periodo formativo e estancia na facultade sobre calquera cuestión persoal ou académica.

En referencia ao proceso **PC-07 Programas de Movilidade de estudantes**, durante o curso 2016-17 adoptáronse **dúas medidas de xestión da mobilidade** orientadas a dar cumprimento á recomendación do Informe final de Avaliación para a Renovación da Acreditación do Grao de aumentar estas taxas e potenciar a saída dos nosos estudantes. En primeiro lugar a recomendación foi asumida como parte da **AM-4 relativa ao programa de coordinación e o seu protocolo**, integrando como tarefa propia dos coordinadores de curso achegar ao alumnado información sobre as ofertas de mobilidade da facultade, insistindo na importancia formativa desta experiencia así como da aprendizaxe de idiomas para facela posible. En segundo lugar, con data de 20-3-2017, procedeuse ao **nomeamento dun novo responsable académico de mobilidade do centro (RAM)** co obxectivo de poder dedicar un maior esforzo a esta tarefa que era exercida polo decano e sobrecargaba excesivamente as que xa ten encomendadas. Por último deseñamos agora unha **nova acción de mellora (AM-5)** consistente na **elaboración dun protocolo para xestión da mobilidade** na Facultade que fixe e formalice procedementos eficaces, tanto administrativos como académicos, para impulsala.

**No que se refire ao Máster**, e sempre tendo presente o seu curto periodo de funcionamento, compre indicar que recibiu 1 Erasmus (Uniwersytet Lodzki, Polonia) e que a participación do profesorado do Máster en Programas de mobilidade no curso 2016-17 foi do 6,67%. O 17/01/2017 foi asinada a extensión do Máster ao Convenio Erasmus coa Universidade do Minho (Braga).

No curso 2016-17 empezouse a traballar no **proceso PC-08 Xestión de prácticas externas** de cara a ofrecer ao alumnado do Grao esta opción formativa contampla na Memoria de Verificación do Título. Así, se iniciaron contactos con distintas institucións para el establecemento de convenios para a realización destas prácticas.

**A coordinación da actividade docente (PC-09):** no caso do **Grao**, tomando en conta unha serie de carencias detectadas na coordinación horizontal e vertical, así como as recomendacións dos informes de seguimento anteriores, no curso 2016-17 deseñouse a **AM-4 consistente na posta en marcha dun programa de reforzo da coordinación e a elaboración dun protocolo** para aplícalo.

O protocolo establece o nomeamento dun coordinador ou coordinadora por curso así como a celebración de reunións periódicas tanto co alumnado como co profesorado para revisar a marcha do curso e corrixir os diferentes aspectos disfuncionais. Esta mesma metodoloxía aplicouse tamén ao **Máster**, conscientes de que o seu carácter carácter interdisciplinar e da pertenza do seu profesorado a áreas e departamentos moi diversos plantexa esixencias específicas nesta tarefa. Os informes das reunións celebradas están dispoñibles nas aulas de coordinación do campus virtual. Os coordinadores de curso realizaron un curso do Programa de Formación e Innovación Docente dedicado á “Cordinación horizontal e vertical”.

No apartado de **MEDICIÓN, ANÁLISE E MELLORA**, conséntase no curso 2016-17 un incremento da participación dos grupos de interese nas enquisas de satisfacción, resultado da política de difusión de información que se está levando a cabo desde o decanato sobre a súa importancia, así como os avisos que se envían comunicando a apertura de prazos para realizalas e animando á participación. Así, no que se refire ao Grao, a taxa de resposta á enquisa de satisfacción do alumnado aumentou considerablemente, desde o 33,33 do curso 2015-16 ao 42,16 no curso 2016-17. Inda que en menor medida, subiu igualmente o índice de satisfacción do alumnado coa docencia recibida de 3,61 a 3,73, e moi significativamente o grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación, de 3,40 a 4,55.


A porcentaxe de participación do profesorado na enquisa de satisfacción coa docencia impartida aumentou progresivamente de maneira moi significativa (INF, 14) subindo desde os cursos 2012-13 e 2013-14 nos que se atopaba situada en 4,17 e 8 respectivamente ata 65,22 no curso 2016-2017. A taxa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida baixou lixeiramente de 3,96 a 3,74 e, inda que non resulta moi significativa, entendemos que pode estar relacionada coa sobrecarga docente que se produce en algunhas áreas pola xubilación e profesarado sin que exista, polo momento, reposición. Polo que respecta á taxa de participación do PAS no curso 2016-17 situouse no 80,00 e o índice de satisfacción no 3,61.

A coordinación do máster aplicou tamén esforzos a que se cubrisen as enquisas de avaliación. Os datos de participación do alumnado nas enquisas de satisfacción no curso 2016-2017 foron do 75%. Máis baixos foron os relativos á valoración da titulación: unha taxa de resposta sobre matriculados do 14,29%. Xulgamos que unha taxa tan baixa pode ser debida a que esta enquisa pasouse do 13 ao 24 de novembro do 2017 un periodo moi tardío con respecto á finalización dos estudos.

#### Polo que respecta ao proceso de **INFORMACIÓN PÚBLICA (PC-11)**

Na recente Avaliación para a Renovación da Acreditación do Grao de Filosofía a información pública dispoñible foi considerada como un dos puntos fortes do centro. Isto é o resultado do desenvolvemento durante o curso 2016-2017 de accións de mellora que supuxeron unha reestruturación e ampliación moi importante da información publicada respecto das titulacións que imparte.

Dúas das accións de mellora programadas para o curso 2016/17 incidiron directamente sobre este proceso. Unha delas (**AM 6**) xa rematada, formulouse como “Revisión e posta ao día da información publicada na páxina web da Facultade e inclusión de novos contidos sobre o proceso de xestión do título e a aplicación do SGIC”. A outra, á que xa nos temos referido, foi incorporada ás accións de mellora 2016-17 como **AM 1**; ten a súa orixe no Plan de Viabilidade e supón a

 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FACULTADE DE FILOSOFÍA	MEMORIA DE CALIDADE FACULTADE DE FILOSOFÍA	Páxina 8 de 48
---	---	----------------

utilización da páxina web para difundir contidos relativos á especialidade da Filosofía e dos ámbitos de profesionalización e inserción laboral dos egresados.

O indicador do que dispoñemos relativo á **satisfacción coa información pública** refírese unicamente aos egresados, pero inda así podemos entender que é significativa posto que representa unha valoración da información da que dispuxeron ao longo dos seus anos de formación. Consideramos que estes últimos cambios reflíctense na valoración máxima de 5 acadada neste ítem no curso 2016-17, co que se culmina a liña ascendente apreciada neste indicador que pasou dunha valoración de 2,40 no curso 2014/15 a 3,33 no curso 2015/16.

Debemos referirnos novamente neste apartado á publicación na páxina web da facultade das Guías Docentes de todas as materias de grao e máster, na medida en que estas achegan unha información moito máis completa e precisas sobre o programa formativo do título.



### 3. Plan de Melloras do Centro

#### 3.1 Curso 2016/17: Comprobación das accións de mellora incluídas na Memoria de Calidade do curso 2016/17:

#### GRAO EN FILOSOFÍA: CURSO 2016/17

##### Plan de Melloras Abertas: curso 2016-2017

ACCIÓNS DE MELLORA	
Código	AM-1 (Curso 2016-2017) Grao en Filosofía
Orixe	Plan de viabilidade
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Escaso coñecemento entre o alumnado que accede á universidade da Filosofía como especialidade e opción formativa.
Definición/ descrición proposta	Elaboración de material informativo para grupos de interese acerca da filosofía como disciplina e os seus ámbitos de estudo, así como saídas profesionais dos egresados. Difusión destes materiais a través da páxina web do centro.
Datas	Cursos 2016-17, 2017-18
Estado/Eficacia	En execución
Responsables	Secretaria do Centro, Coordinador do GRAO
Comprobación Acción	AM-1
Descrición Comprobación	<b>Comprobación:</b> Presencia na páxina web de estes materiais <b>Seguimento execución:</b> No plan de melloras o período de execución desta acción comprende os cursos 16/17 e 17/18. A primeira data de comprobación terá lugar ao longo do primeiro semestre do curso 17/18. Xa se iniciaron accións para levala a cabo.
Data Comprobación	Primeiro semestre curso 2017/18
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

**ACCIÓNS DE MELLORA**

<b>Código</b>	AM-2 (Curso 2016-2017) Grao en Filosofía
<b>Orixe</b>	Plan de viabilidade
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
<b>Análise causa</b>	Descenso progresivo do alumnado de novo ingreso a partir do primeiro curso de implantación do grao. Reforzar os efectos positivos, sobre o crecemento da matrícula, das accións desenvolvidas no marco do Plan de Viabilidade xa detectados no curso 2015-2016.
<b>Definición/ descrición proposta</b>	Creación de grupos de discusión con egresados para obter información sobre as demandas dos ámbitos de inserción profesional dos especialistas en filosofía, tanto clásicos (ensino) como actuais. Utilizar esta información para orientar aspectos como contidos, metodoloxías e adquisición de competencias, modificacións do plan de estudos e/ou unha posible transformación do grao.
<b>Datas</b>	Cursos 2016/17, 2017/18
<b>Estado/Eficacia</b>	En execución. Realizouse con egresados situados no ámbito da docencia da Filosofía na ensinanza secundaria. Realizarase con egresados situados en outros ámbitos profesionais. Estudiarase a posibilidade de constituir un comité consultivo con egresados.
<b>Responsables</b>	Decano, Coordinador do grao
<b>Comprobación Acción</b>	AM-2
<b>Descrición Comprobación</b>	<p><b>Comprobación:</b> Informes de reunións con estes grupos.</p> <p><b>Seguimento execución:</b> No plan de melloras o período de execución desta acción comprende os cursos 16/17 e 17/18. A primeira data de comprobación terá lugar ao longo do primeiro semestre do curso 17/18. No curso 16/17 e 17/18 activáronse grupos de discusión con egresados dentro de:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1.- Encontros de Filosofía.</li> <li>2.- Actividades enmarcadas dentro da participación na iniciativa lexislativa popular de presenza da Filosofía na sociedade.</li> </ol> <p>Séguese estudando a posibilidade de constituir un comité consultivo con egresados.</p>
<b>Data Comprobación</b>	Primeiro semestre do curso 2017/18
<b>Incidencias</b>	--
<b>Axustes/Novas Tarefas</b>	--

**ACCIÓNS DE MELLORA**

<b>Código</b>	AM-3 (Curso 2016-2017) Grao en Filosofía
<b>Orixe</b>	Informe de seguimento / plan de viabilidade
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
<b>Análise causa</b>	Número elevado de abandono da titulación sobre todo en primeiro curso, materias con elevado número de non presentados e de suspensos.
<b>Definición/ descrición proposta</b>	Localizar as causas deste abandono así como as dificultades concretas que ofrezan esas materias para achegar ao alumnado os recursos que poidan favorecer a aprendizaxe sen afectar á calidade da súa formación.
<b>Datas</b>	Cursos 2016/17, 2017/18
<b>Estado/Eficacia</b>	En execución no marco do programa de coordinación de cursos iniciado neste curso 2016/17.
<b>Responsables</b>	Coordinador do grao, coordinadores de curso, Comisión de Calidade.
<b>Comprobación Acción</b>	AM-3
<b>Descrición Comprobación</b>	<p><b>Comprobación:</b> Seguimento da evolución por curso de estes índices. Informes de coordinación de cursos. Actas da Comisión de Calidade.</p> <p><b>Seguimento execución:</b> No plan de melloras o período de execución desta acción comprende os cursos 16/17 e 17/18.</p> <p>No curso 16/17 realizáronse informes parciais en relación con esta acción de mellora que están dispoñibles na aula virtual de coordinación da Facultade. Estes informes foron presentados á comisión de calidade tal como reflicten as actas correspondentes publicadas na web da Facultade.</p> <p>No curso 17/18 procederase da mesma maneira.</p> <p>En relación con esta acción e para achegar ao alumnado recursos que poidan favorecer a súa aprendizaxe e reforzar as súas competencias no curso 16/17 tivo lugar o curso "Competencias en información na contorna dixital" que terá continuidade no 17/18.</p> <p>No curso 17/18 terá lugar o curso "Curso de técnica de perfeccionamento da compresión textual e da expresión escrita"</p>
<b>Data Comprobación</b>	Finais do curso 2017/18
<b>Incidencias</b>	--
<b>Axustes/Novas Tarefas</b>	--

**ACCIÓNS DE MELLORA**

<b>Código</b>	AM-9 (Curso 2016-2017) Grao en Filosofía
Orixe	Plan de Melloras da Acreditación
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Necesidade de abrir novos espazos profesionais para os graduados e dar máis visibilidade aos estudos de Filosofía e á súa relevancia e funcións na sociedade actual. Constátase que a realización de prácticas incrementa o valor das titulacións e que as empresas están a demandar un perfil de egresado/a con experiencia e capacidade de adaptación ás esixencias cambiantes do desempeño profesional
Definición/ descrición proposta	Proposta e articulación de convenios con distintas institucións e empresas para formalizar unha oferta de prácticas externas para o alumnado.
Datas	Curso 2017/18
Estado/Eficacia	En execución
Responsables	Decano, Coordinador/a del Título, Responsable de Calidad del Centro
Comprobación Acción	AM-9
Descrición Comprobación	<b>Comprobación:</b> sinatura de convenios con entidades. <b>Seguimento execución:</b>
Data Comprobación	Decembro de 2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

**ACCIÓNS DE MELLORA**

<b>Código</b>	AM-10 (Curso 2016-2017) Grao en Filosofía
<b>Orixe</b>	Plan de Melloras da Acreditación
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
<b>Análise causa</b>	Escasa participación do estudantado, egresados/as e PAS nas enquisas
<b>Definición/ descrición proposta</b>	Aprobose unha reformulación das enquisas de satisfacción coa docencia recibida en dúas fases. Na segunda fase, que terá lugar durante o curso 2017/2018, revisarase o cuestionario e buscaranse fórmulas para mellorar o cuestionario e aumentar a participación.
<b>Datas</b>	Finalización: 29/12/2017; Inicio: 01/06/2017
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Activa; Eficacia :
<b>Responsables</b>	Mª Pilar Martínez Garcia Órgano Responsable: Comisión de Traballo Fin de Grao, Prácticas Externas e Mobilidade
<b>Comprobación Acción</b>	AM-10
<b>Descrición Comprobación</b>	A acción a esta data aínda non se implantou, xa que se implantará cando termine o segundo cuadrimestre do curso 2017-2018
<b>Data Comprobación</b>	01/11/2017
<b>Incidencias</b>	--
<b>Axustes/Novas Tarefas</b>	--

**Plan de Melloras**  
**Pechadas: curso 2016-2017**

<b>ACCIÓNS DE MELLORA</b>	
<b>Código</b>	AM-4 (Curso 2016-2017) Grao en Filosofía
<b>Orixe</b>	Informe de seguimento 14/15. Plan de melloras 16/17
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
<b>Análise causa</b>	Carencias detectadas na coordinación horizontal e vertical.
<b>Definición/ descripción proposta</b>	Plan de reforzo da coordinación. Elaboración dun protocolo para concretar o desenvolvemento deste plan.
<b>Datas</b>	Curso 2016/17
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Finalizada; Eficacia : Si
<b>Responsables</b>	Coordinador do grao, coordinadores de curso, Comisión de Calidade
<b>Comprobación Acción</b>	<a href="#">AM-4</a>
<b>Descrición Comprobación</b>	<p><b>Comprobación:</b> Existencia dun protocolo de coordinación. Informes elaborados polos coordinadores de curso e informe global do coordinador do grao. Publicación destes informes nas aulas virtuais de coordinación accesible ao profesorado e ao alumnado.</p> <p><b>Seguimento execución:</b> No plan de melloras o período de execución desta acción comprende os cursos 16/17 e 17/18.</p> <p>No curso 16/17 xa foi elaborado o protocolo de coordinación e publicados os informes en base ao devandito protocolo nas aulas virtuais de coordinación accesibles para o profesorado e o alumnado do Grao.</p> <p>Aínda que nos sucesivos cursos seguiranse realizando informes, seguindo o protocolo de coordinación, esta acción de mellora dáse por finalizada.</p>
<b>Data Comprobación</b>	Finais de cada semestre
<b>Incidencias</b>	--
<b>Axustes/Novas Tarefas</b>	--

**ACCIÓNS DE MELLORA**

<b>Código</b>	AM-5 (Curso 2016-2017) Grao en Filosofía
<b>Orixe</b>	Plan de melloras 16/17
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
<b>Análise causa</b>	Dificultades de adaptación do alumnado de novo ingreso ao contexto universitario e esixencias do primeiro curso.
<b>Definición/ descrición proposta</b>	Realización dun plan xeral de acollida e orientación de estudantes de primeiro curso: acto de benvida, programa de alumnos titores, programa de titorías personalizadas, seguimento do coordinador de primeiro do alumnado que se incorpora no segundo prazo de matrícula, información na web.
<b>Datas</b>	Cursos 2016/17, 2017/18
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Finalizada; Eficacia : Si
<b>Responsables</b>	Equipo decanal, Coordinador do grao.
<b>Comprobación Acción</b>	<a href="#">AM-5</a>
<b>Descrición Comprobación</b>	<p><b>Comprobación:</b> Informes de coordinación de primeiro, informes de alumnos e profesores titores, información da páxina web.</p> <p><b>Seguimento execución:</b> No plan de melloras o período de execución desta acción comprende os cursos 16/17 e 17/18. A primeira data de comprobación tivo lugar ao longo do primeiro semestre do curso 17/18. Todas as actuacións previstas nesta acción fóronse poñendo en funcionamento progresivamente e funcionaron tanto no curso 16/17 como no 17/18 tal como reflicten os informes de coordinación e os informes de alumnos e profesores titores.</p> <p>Ademais estas actuacións foron publicadas na páxina web da Facultade antes do inicio do curso.</p> <p>Estas accións pasan a formar parte do funcionamento ordinario da Facultade e deixan de formularse como accións de mellora.</p>
<b>Data Comprobación</b>	19/10/2017
<b>Incidencias</b>	--
<b>Axustes/Novas Tarefas</b>	--

**ACCIÓNS DE MELLORA**

<b>Código</b>	AM-6 (Curso 2016-2017) Grao en Filosofía
<b>Orixe</b>	Informe de seguimento 15/16. Plan de melloras 16/17
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 2 - Información e transparencia
<b>Análise causa</b>	Deficiencias detectadas nos mecanismos para comunicar de maneira adecuada aos grupos de interese as características do programa formativo e dos procesos que garanten a súa calidade.
<b>Definición/ descripción proposta</b>	Revisión e posta ao día da información publicada na páxina web da facultade. Inclusión de novos contidos referidos ao proceso de xestión do título e á aplicación do sistema de garantía interna de calidade.
<b>Datas</b>	Cursos 2016/17, 2017/18
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Finalizada; Eficacia : Si
<b>Responsables</b>	Responsable de calidade, responsable da unidade.
<b>Comprobación Acción</b>	AM-6
<b>Descrición Comprobación</b>	<p><b>Comprobación:</b> Comprobación da presenza na páxina de información acerca de todos os aspectos requiridos no último informe de seguimento do título e sinalados no anexo II da Guía de Avaliación para a Renovación da Acreditación da ACSUG.</p> <p><b>Seguimento execución:</b> No plan de melloras o período de execución desta acción comprende os cursos 16/17 e 17/18.</p> <p>A primeira data de comprobación tivo lugar a finais do curso 16/17. Todos os contidos requiridos no último informe de seguimento do título e sinalados no anexo II da guía de avaliación para a renovación da acreditación da ACSUG figuraban na páxina web do centro fóra dun breve currículo do profesorado que será publicado antes de que finalice o ano 2017.</p> <p>Estas accións pasan a formar parte do funcionamento ordinario da Facultade e deixan de formularse como accións de mellora.</p>
<b>Data Comprobación</b>	Final do curso 2016/17
<b>Incidencias</b>	--
<b>Axustes/Novas Tarefas</b>	--



**ACCIÓNS DE MELLORA**

<b>Código</b>	AM-7 (Curso 2016-2017) Grao en Filosofía
<b>Orixe</b>	Plan de melloras 15/16
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 4 - Recursos humanos
<b>Análise causa</b>	Esixencias de adaptación da metodoloxía docente ás características propias dos títulos de grao.
<b>Definición/ descrición proposta</b>	Incentivar a formación continua do profesorado en cursos de innovación docente (uso da aula virtual, aprendizaxe por proxectos, coordinación horizontal e vertical, dinámica de grupos, etc...
<b>Datas</b>	Cursos 2016/17, 2017/18
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Finalizada; Eficacia : Si
<b>Responsables</b>	Comisión de Calidade, Coordinador do grao, responsable de Calidade.
<b>Comprobación Acción</b>	AM-7
<b>Descrición Comprobación</b>	<p><b>Comprobación:</b> Cursos realizados e número de profesorado do centro asistente.</p> <p>No plan de melloras o período de execución desta acción comprende os cursos 16/17 e 17/18.</p> <p>A data de comprobación é o final de cada curso académico:</p> <p><b>Seguimento execución:</b> No curso 16/17 cinco profesores que imparten docencia no Grao asistiron a un curso de "Dinámica de Grupos" organizado polo PFID.</p> <p>No curso 17/18 sete profesores que imparten docencia no Grao asistiron a un curso de coordinación horizontal e vertical organizado polo PFID.</p>
<b>Data Comprobación</b>	Final de cada curso.
<b>Incidencias</b>	--
<b>Axustes/Novas Tarefas</b>	--

**ACCIÓNS DE MELLORA**


<b>Código</b>	AM-8 (Curso 2016-2017) Grao en Filosofía
Orixe	Plan de viabilidade. Plan de melloras 16/17
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Escasa proxección da Filosofía como especialidade transversal e das súas relacións con outras disciplinas.
Definición/ descrición proposta	Implantación dun seminario permanente denominado Coloquios Filosóficos en Compostela para a organización de conferencias mensuais dirixidas a grupos de interese, tanto de persoas egresadas como de personalidades relevantes doutros centros e universidades.
Datas	Cursos 2016/17, 2017/18
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Si
Responsables	Profesor José Luis Falguera López
Comprobación Acción	AM-8
Descrición Comprobación	<p><b>Comprobación:</b> Listado e calendario de conferencias impartidas</p> <p><b>Seguimento execución:</b> No plan de melloras o período de execución desta acción comprende os cursos 16/17 e 17/18.</p> <p>A data de comprobación foi a finais do curso 16/17.</p> <p>Nos cursos 16/17 e 17/18 os "Coloquios Filosóficos en Compostela" forman parte da actividades regulares do Centro, polo que deixan de formar parte das accións de mellora e transfórmanse en actividades ordinarias do Centro.</p>
Data Comprobación	Final curso 2016/17
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

**ACCIÓNS DE MELLORA**

<b>Código</b>	<a href="#">AM-11 (Curso 2016-2017) Grao en Filosofía</a>
Orixe	Plan de Melloras da Acreditación
Ámbito de aplicación	Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
Análise causa	As cuestións de satisfacción xeral cos servizos, infraestruturas, etc. estaban a canalizarse a través da enquisa de egresados/as.
Definición/ descrición proposta	No curso 2015-2016 realizouse unha enquisa piloto sobre a satisfacción dos diferentes colectivos, onde se contemplaban cuestións xerais relativas aos servizos, infraestruturas, etc., dos diferentes títulos e centros onde se imparten. No curso 2016-2017 farase extensiva a todas as titulacións de grao e máster da USC polo que poderá empregarse esta información para avaliar a calidade dos títulos do centro.
Datas	Finalización: 31/10/2017; Inicio: 01/06/2017
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia :
Responsables	Mª Pilar Martínez García Órgano Responsable: Comisión de Traballo Fin de Grao, Prácticas Externas e Mobilidade
Comprobación Acción	<a href="#">AM-11</a>
Descrición Comprobación	A acción foi realizada, estendendo a enquisa de satisfacción coa titulación aos colectivos de alumnado e profesorado durante o curso 2016-2017. Concretamente realizouse entre os meses de xuño e xullo de 2017. Os resultados serán analizados, xunto co resto de resultados, durante o proceso de seguimento
Data Comprobación	01/11/2017
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

**ACCIÓNS DE MELLORA**

<b>Código</b>	AM-12 (Curso 2016-2017) Grao en Filosofía
Orixe	Plan de Melloras da Acreditación
Ámbito de aplicación	Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
Análise causa	É necesario realizar unha última convocatoria experimental do programa Docencia, antes de poder certificar a implantación do proceso. Para iso, os Vicerreitorados de Comunicación e Coordinación e Organización Académica e Persoal Docente están a realizar as modificacións necesarias para que o Consello de Goberno poida aprobar un novo Manual e pódase realizar a cuarta convocatoria experimental.
Definición/ descrición proposta	Unha vez aprobado o procedemento para a avaliación docente por órganos competentes, difundir a convocatoria entre o persoal docente do título e fomentar a participación na mesma.
Datas	Finalización: --; Inicio: --
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia :
Responsables	Mª Pilar Martínez Garcia Órgano Responsable: Comisión de Traballo Fin de Grao, Prácticas Externas e Mobilidade
Comprobación Acción	<a href="#">AM-12</a>
Descrición Comprobación	O procedemento para a avaliación docente non foi aprobado polos órganos de goberno da USC polo que non foi posible realizar esta acción.
Data Comprobación	01/11/2017
Incidencias	Manterase nos próximos plans de mellora para realizar unha adecuada difusión entre o PDI do título cando se publique a convocatoria.
Axustes/Novas Tarefas	--

	<p style="text-align: center;">MEMORIA DE CALIDADE FACULTADE DE FILOSOFÍA</p>	<p style="text-align: right;">Páxina 21 de 48</p>
---	---	---

**MÁSTER EN FILOSOFÍA. COÑECEMENTO E CIDADANÍA: CURSO 2016/17**

**Plan de Melloras  
Pechadas: curso 2016-2017**

<b>ACCIÓNS DE MELLORA</b>	
<b>Código</b>	<a href="#">AM-1 (Curso 2016-2017) Máster en Filosofía. Coñecemento e Cidadanía</a>
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	A Comisión Académica do Máster en Filosofía. Coñecemento e Cidadanía, considera importante reforzar e completar os contidos do mesmo, así como abrilo a un público máis amplo, poñendo en valor a súa contribución a pensar interdisciplinariamente os problemas do presente, consecuentemente acadar unha maior difusión que habería de redundar nun incremento de matrícula.
Definición/ descrición proposta	Como actividade formativa para o alumnado. Realización dunha Xornada/Seminario con dúas conferencias sobre temas de actualidade a impartir por profesor/a a concretar, no segundo cuatrimestre, cando os estudantes xa remataron as materias de formación básica e máis as obrigatorias de itinerario, e están a desenvolver o TFM. Tamén aberto ao público fundamentalmente do Campus da Cidadanía e como unha actividade inserida nel.
Datas	Curso 2016/17 no caso de recibir financiamento.
Estado/Eficacia	Non executada por falta de financiamento.
Responsables	Coordinador/a do Máster. Coordinadores/as itinerarios.
Comprobación Acción	<a href="#">AM-1</a>
Descrición Comprobación	<b>Comprobación:</b> Realización das conferencias. <b>Seguimento execución:</b> A execución desta acción de mellora estaba condicionada a recibir financiamento pola convocatoria de axudas de calidade. Dado que finalmente non foi concedida a axuda dáse por pechada a acción de mellora.
Data Comprobación	Finais do segundo semestre.
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

**ACCIÓNS DE MELLORA**

<b>Código</b>	AM-2 (Curso 2016-2017) Máster en Filosofía. Coñecemento e Cidadanía
<b>Orixe</b>	Propostas de Mellora
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 2 - Información e transparencia
<b>Análise causa</b>	Na Memoria do Máster recollese a necesidade de dispor dunha web propia que permita o acceso dos estudantes, de forma atractiva e doada, á información. No primeiro ano do máster (curso 2016-17) púxose en marcha a páx. Web propia: masterenfilosofia.es, mais para o seu bo funcionamento requírese o seu mantemento para o curso 2017-18, de forma que contribúa a unha boa difusión do mesmo e, en consecuencia, sexa un bo instrumento tamén de captación de novos estudantes.
<b>Definición/ descrición proposta</b>	Promoción: o mantemento e revisión da web durante o curso 2017-18 é necesario para o bo funcionamento da páxina e permite unha sinxela administración por parte da Unidade de Xestión da Facultade de Filosofía para a edición de nova información e noticias que se vaian xerando.
<b>Datas</b>	Curso 2016/17 no caso de recibir financiamento
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Finalizada. Eficacia: Si
<b>Responsables</b>	Coordinador/a do Máster
<b>Comprobación Acción</b>	<a href="#">AM-2</a>
<b>Descrición Comprobación</b>	<b>Comprobación:</b> Publicación da web <b>Seguimento execución:</b> A execución desta acción de mellora estaba condicionada a recibir financiamento pola convocatoria de axudas de calidade. Aínda que finalmente non foi concedida a axuda a Facultade asumiu o seu custo polo que dáse por pechada esta acción de mellora.
<b>Data Comprobación</b>	Finais do curso 2016/17
<b>Incidencias</b>	--
<b>Axustes/Novas Tarefas</b>	--


**ACCIÓNS DE MELLORA**

